



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

.....  
Partido dos Socialistas de Galicia  
.....  
**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Na sesión plenaria do pasado 19 de Setembro o Vicepresidente da Xunta de Galicia, ao comparecer para dar conta das políticas de mocidade que levou adiante o seu departamento durante o primeiro ano de Goberno, comprometeu un aumento do 20% da contía dos orzamentos adicados ás políticas de mocidade para o ano 2007.

Na mesma comparecencia, e diante da preocupación deste deputado na dignificación do Consello da Xuventude de Galicia, institución creada por Lei 2/1987 e esquecida e devaluada polos anteriores Gobernos Autonómicos, o Vicepresidente da Xunta anunciou a dotación dun local para esta institución.

Esta entidade de dereito público é a única destas características que non conta cun local digno facilitado pola Administración Autonómica, a diferenza doutras institucións como poden ser o Consello Galego de Relacións Laborais, o Consello Económico e Social ou o Consello da Cultura Galega.

Os socialistas galegos compartimos co movemento asociativo xuvenil a necesidade de dignificar o Consello da Xuventude de Galicia e de dotar ao mesmo dunhas instalacións dignas e axeitadas para poder desenvolver as funcións que lle outorga a lexislación vixente.

Diante do compromiso establecido na citada sesión plenaria, o deputado que asina formulan as seguintes preguntas:

1.- ¿Que previsións ten a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude para que o CXG conte cun local propio como xa teñen outros Consellos creados por Lei deste Parlamento?



Grupo Parlamentario


- 2.- ¿Cando teñen previsto facilitar esta información ao CXG?
- 3.- ¿En que condicións vai a ser cedido este local? ¿En que datas?
- 4.- ¿Onde estará ubicado?
- 5.- ¿Que características ten o citado local?

Pazo do Parlamento, 21 de Setembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**  
**José Manuel Lage Tuñas na data 21/09/2006 11:26:36**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....